

**REGULAMENTO  
DO  
CAMPIONATO GALEGO  
DE  
DUATLÓN ORIENTACIÓN  
2019**

**Paderne, 23 de febreiro**

Co nome de **Campionato Galego de Duatlón Orientación 2019** realizase unha proba de **Orientación** dentro do ámbito da **Federación Galega de Orientación** desenvolvéndose dentro da normativa que marca a **FEDO** e a **Federación internacional de Orientación** para as disciplinas das que está composta.

**Art. 1.- Definición.**

O **Duatlón de Orientación** é unha especialidade de orientación que combina as especialidades de **Orientación a Pé** e **MTBO**. Coméncase cunha sección de **Orientación a Pé** para continuar coa **MTBO** e finalizar cunha sección máis curta de **Orientación a Pé**. A saída é en masa e hai unha área de transición onde os deportistas teñen que cambiar de especialidade.

**Art. 2.- Organización e participación.**

**Art. 2.1.-**O Club **O Pasatempo de Betanzos** organiza o **Campionato Galego de Duatlón Orientación**, amparado e integrado dentro do calendario de probas 2019 da **FEGADO** e supervisado por un xuíz controlador, en conformidade coa **Normativa de orientación actual** e as normas técnico-administrativas aprobadas para a tempada 2019.

**Art. 2.2.-**Cada unha das especialidades que compoñen o **Duatlón de Orientación**, estará regulada pola normativa específica da mesma.

**Art. 2.3.-** Calquera deportista, español ou estranxeiro, pertencente a un club ou non, con licenza **FEDO** ou non, poden participar en calquera categoría.

Os nomes dos deportistas que non teñan licenza **FEDO**, incluíndo estranxeiros, serán enviados co seu **DNI** e data de nacemento, xunto co comprobante de pagamento da licenza de proba, á **Secretaría da FEDO** para dalos de alta.

**Art. 3.- Categorías de participación e distancias/tempos aproximados**

1. **INFANTIL MASC** → M-12 M-14 (2 km/15´+4-5 km/25´+1,5k m/12´)
2. **XUVENIL MASC** → M-16, M-18 (3 km/15´+9-11 km/40´+2 km/15´)
3. **SENIOR MASC**→ M-21A, M-21B, ÉLITE (4 Km/35´+12-15 km/50´+2,5km-18´)
4. **VETERÁNS A MASC**→ M-35, M-40 (3 km/15´+9-11 km/40´+2 km/15´)
5. **VETERÁNS B MASC**→ M-45, M-50 (2´5-3 km/20´+8-10 km/40´+1,5-2 km-15´)
6. **INFANTIL FEM** → F-12 F-14 (2 km/15´+4-5 km/25´+1,5k m/12´)
7. **XUVENIL FEM** → F-16, F-18 (3 km/15´+9-11 km/40´+2 km/15´)
8. **SENIOR FEM**→ F-21A, F-21B, ÉLITE F (4 Km/35´+12-15 km/50´+2,5km-18´)
9. **VETERANAS A FEM**→ F-35, F-40 (3 km/15´+9-11 km/40´+2 km/15´)
10. **VETERANAS B FEM**→ F-45, F-50 (2´5-3 km/20´+8-10 km/40´+1,5-2 km-15´)

#### **Art. 4.- Clase da proba e horario**

A proba desenvolverase o día 23 entre as 10 e as 14h.

#### **Art. 5.- Controis.**

Tódalas balizas son obrigatorios, o deseño do percorrido pode ser en bucles (para dispersar aos corredores da mesma categoría), score ou en liña. A situación dos controis virá impresa no mapa cun círculo maxenta e o número de código para tódalas seccións, non haberá descrións de controis soltas.

#### **Art. 6.- Desenvolvemento da Proba.**

Saída en masa, o organizador poderá diferenciar saídas por categorías si considera que o número de participantes ou o deseño da proba o esixe.

Antes da saída poranse nos pes de cada corredor o mapa de unha sección, dúas ou as tres. Os mapas, en función da categoría, poderán estar impreso por unha ou as dúas caras.

A entrada a zona de entrada e saída á transición estará marcada, e só se poderá circular por ela a pé, sendo obrigatorio na saída a sección de MTBO ter posto e pechado o casco.

Os corredores só poderán deixar material na zona que teñan adxudicada

O sistema electrónico de control de paso será SportIdent.

#### **Art. 7.- Material obrigatorio e recomendado.**

Tarxeta Sportident obligatoria.

Recomendado: Polainas, Compás, portamapas de MTBO, bidón ou bolsa de hidratación, comida, ferramenta para a MTB (cámara, bomba, multiferramenta...)

#### **Artigo 8.- Sportident.**

O Sportident necesario para a proba será SI CARD 9, 10, 11 ou SIAC.

#### **Artigo 9.- Avituallamentos.**

Non haberá avituallamento, os corredores poden portar durante toda ou unha parte da proba líquido e comida ou ben avituallarse co que deixen na zona da transición asignada.

#### **Art. 10.- Mapas**

Os mapas a empregar cumprirán as normas da Federación Española de Orientación e da Federación Internacional de Orientación.

Proporcionaranse mapas para todos os participantes.

Terán as seguintes características:

1. Para a sección de Orientación a Pé a escala será 1:7500 ou 1:10000 e equidistancia será de 5 ou 10m
2. Para a sección de MTBO a escala será de 1:10000 e equidistancia será de 10m

3. O traballo de campo debe facerse de acordo coas normas IOF que contemplan os seguintes mínimos:
- 3.1. Estará baseado nos estándares cartográficos para a Orientación a Pé e MTBO respectivamente e a da Federación Internacional de Orientación (IOF).
- 3.2. As súas especificacións gráficas de referencia serán as dos mapas de 1 / 15.000, que poden ser ampliadas / reducidas na mesma proporción que a escala.
- 3.3. Os seguintes mínimos serán respectados:
- Definición da terra e accidentes topográficos; por medio de curvas de nivel.
  - Presenza de vías de comunicación; estradas, pistas, estradas e beirarrúas, se hai.
  - Vexetación; delimitación de áreas descubertas e áreas boscosas, establecendo polo menos dúas categorías neste último.
  - Hidrografía; cursos de auga, encoros e pantanos.
  - Áreas urbanas e elementos construídos polo home; edificios representados na planta se están illados ou reunidos en áreas delimitadas no mapa; liñas de enerxía e outros elementos aos que se aplicará a regra cartográfica.
  - Pedras, cortes ou outros elementos de dimensións considerables.

Os mapas serán rexistrados na Comité de Cartografía da FEDO, e incluírase o seu número de rexistro.

#### Art. 11.- Clasificacións.

A clasificación establécese en base ao tempo e a ter visitados tódolos controis.

Só os corredores con licenza por un club da Fegado optaran á clasificación do Campionato Galego.

#### Artigo 12.- A saída.

A saída farase en masa, é dicir, todos os corredores ao mesmo tempo.

Os mapas serán postos no chan, diante de cada corredor uns minutos antes da saída ou ben colgados co número de dorsal de cada un.

#### Art. 13.-A meta.

- Se un corredor abandona ou por algún motivo, decide non finalizar a proba, deberá informar os xuíces de meta desta circunstancia e entregar a súa tarxeta de control e os mapas.

O tempo máximo para realizar a proba será de 3 horas.

#### Art. 14.- Seguridade.

- Para participar na proba, deben cumprirse as normas de seguridade que a Organización considera necesarias, especialmente no que se refire á utilización de protección e elementos de seguridade.

- A Organización designará un Coordinador de Seguridade que non será o Director da proba. Os teléfonos do Xefe de Seguridade e do Director da proba imprimiranse nos mapas.

- No caso de ter que solicitar axuda, por perda ou por verse involucrado nun accidente ou incidente, o equipo afectado utilizará os medios á súa disposición para contactar coa Organización.

- Os membros dun equipo intentarán non separarse no caso de que un dos compoñentes sufra un accidente ou incidente que o impida moverse. O accidentado poderá quedar só no caso de que a devandita acción non agrave a súa situación e co único propósito de solicitar axuda.

#### Art. 15.- Prestación de asistencia.

Calquera participante está obrigado a axudar aqueles que, estando en perigo, o soliciten. A negativa de asistencia levará á descualificación do equipo, sen prexuízo da posible responsabilidade penal que poida xurdir. Se se constatou que un corredor solicitante non tiña motivos suficientes para pedir axuda, poderían ser penalizado ou descualificados.

#### Art. 16.- Seguros.

O Club Organizador (O Pasatempo) ten contratado un seguro de Responsabilidade Civil e Accidentes que da cobertura a proba.

#### Art. 17.- Responsabilidades.

O Club organizador e a FEGADO, durante a planificación e desenvolvemento da proba, poñerán tódolos medios ao seu alcance para que os participantes non corran riscos nin sufran ningún dano, pero a responsabilidade pola falta de previsión ou asunción de riscos é dos propios participantes.

O Club organizador e a FEGADO non será responsables dos danos que poidan sufrir competidores no desenvolvemento da proba ou a perda ou deterioración do material utilizado por eles.

A Organización non será responsable de calquera consecuencia derivadas da suspensión da proba, unha vez iniciada a mesma, porque as circunstancias o xustifiquen, nin das anomalías provocadas por razóns alleas o seu control, como incendios, inclemencias meteorolóxicas, crecidas do caudal dos ríos, etc. Durante o transcurso da competición, a Organización resérvase o dereito de, logo de consulta ao servizo de asistencia sanitaria, prohibir continuar na proba a calquera participante que non estea en condicións de realizala.

#### Art. 18.- O Xuíz Controlador.

A FEGADO nomeará un Xuíz Controlador, que será responsable das tarefas marcadas no Regulamento de Orientación, para garantir o cumprimento destas normas, as normas anuais actuais e en particular da proba aprobada pola FEGADO.

#### **Artigo 19.- O xurado técnico.**

O Xuíz Controlador nomeará o xurado técnico entre os compoñentes dos equipos participantes, composto por dous representantes e dúas reservas que deben pertencer a distintos clubs. As reservas formarán parte do xurado técnico no caso de que estean implicados os equipos de calquera dos designados como titulares.

Estará formado por:

- O Xuíz Controlador, con voz e voto.
- Dous representantes dos Clubs Fegado participantes, con voz e voto.
- O representante da organización, con voz pero sen voto.

As queixas dirixiranse ao organizador, antes do final da proba, e as reclamacións serán presentadas ao Xurado Técnico de Competición, ata 30 minutos despois da dita finalización. A decisión do Xurado Técnico pode ser recorrida seguindo o procedemento reflectido no Regulamento de orientación.

#### **Artigo 20.- Inscripcións.**

As inscricións realizaranse seguindo as instrucións que marque o Organizador nos Boletíns Informativos.

O prezo da inscrición por corredor será de 9 euros por persoa (13 sen licenza). Incrementándose en 3 euros si ten que alugar tarxeta sportident.